


☺ **Identifica e explica os recursos literarios** que aparecen nos seguintes **anuncios** publicitarios.

a)



b)

c)



d)



Solución: **a) Metáfora impura**: os dous termos que se identifican (real e imaxinado) aparecen citados. O anuncio identifica o galego co mel, é dicir, o galego é unha lingua doce; **b) Hipérbato**: alteración da orde lóxica das palabras na oración (sería máis habitual: nunca sabes o que pode pasar no mar), pero modificando esa orde resalta máis a mensaxe que se quere transmitir: NO MAR NUNCA... (viaxes sen seguro); **c) aliteración**: repetición de sons semellantes («ch» /tʃ/ e «v» /β/) en palabras próximas (chove, chova) para conseguir o efecto de persistencia da chuvia en Galicia; **d) símil**: comparación entre un termo que queremos describir (as nenas doutras razas) e outro co que garda algunha semellanza (as nenas galegas), porque moitas delas xa son nadas en Galicia, aínda que non teñan a mesma cor de pel, entón son coma nós.